

INVESTIGACIÓN Blanca Roig impulsa un curso que avaliará as 'reescrituras do conto popular no século XXI', logo de observar "un proceso de infantilización e estandarización" destes textos

Contra a trivialización

A profesora destaca a potencia do álbum infantil ao que se lle dedicará este curso no ano 2011

V. Oliveira · Santiago

"Estase a producir un proceso de infantilización e estandarización dos contos populares que se trivializan até perder a forza da súa herdanza". É un dos puntos de partida que observou neste tipo de textos a profesora Blanca Roig para dedicar o vindeiro curso da rede temática das literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico e iberoamericano ás *Reescrituras do conto popular no século XXI*.

"Estase a producir un empobrecemento cultural provocado pola reiteración sistemática dalgunhs contos populares en detrimento de textos tradicionais. Isto provoca a confusión dos lectores xa que se produce un investimento dos roles tradicionais e se eliminan os referentes negativos", considera a profesora de Lingua e Literatura Galega.

A falta dos estudos sobre a literatura infantil e xuvenil nos planos de estudo da universidade foi que impulsou a Roig Rechou a crear en 2004 unha rede de investigación que abordase diferentes liñas de análise. Na última reunión desta rede, celebrada o pasado 8 de setembro, concretáronse as súas actividades para este ano.

Entré as accións inclúese a organización duns encontros luso-galaico-franceses que se celebrarán na biblioteca Almeida Garret de Porto,



A profesora e directora da rede investigadora, Blanca Roig Rechou

COAS NOVAS TECNOLOXÍAS

Impulsar novas metodoloxías

Este tipo de cursos divídense en dúas modalidades: unha virtual, na que se ofrece un panorama das literaturas escritas e outra presencial, na que se establece o contacto cos escritores seleccionados por medios de encontros. "Organizaremos unhas xornadas sobre metodoloxías de investigación en literatura infantil e xuvenil cos membros da rede, cos que titorizamos

e con especialistas doutros lugares para falar sobre o uso das novas tecnoloxías que empezan a ter visibilidade neste tipo de metodoloxías", afirma Blanca Roig. Este encontro realizarase en Cuenca, na Universidade de Castela a Mancha, no único Centro de Estudos de Promoción da Lectura e Literatura Infantil (CEPLI) que existe, coordinado por Pedro Carrillo.

na segunda semana de novembro, nos que se presentarán "varios laboratorios sobre a poesía e o mar en Galicia, Portugal e Francia".

Ademais deste tipo de actividades, tamén se concretou a temática do curso de formación continua que este ano conta co apoio da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Este curso, que xa chega á súa sétima edición, abordará as *Reescrituras do conto popular no século XXI*, "tomando o conto popular como referen-

cial, lúdico, ideolóxico ou humanizador", explica a profesora da USC. O estudo, que a editorial Xerás publicará en setembro do 2010, realízalo a investigadora da Universidade das Illas Baleares, Caterina Valriu. A análise achegárase á reescrita dos contos en galego, catalán, éuscaro, portugués, castelán e tamén nos ámbitos de México e Brasil así como noutras linguas como o alemán e o inglés.

No 2011 dedicárase o curso ao álbum infantil

Nesta reunión tamén se decidiu dedicar o curso de formación do 2011 ao álbum infantil. Ao ver de Roig Rechou, iniciar estas vías de investigación son necesarias máis que nunca hoxe en día, tendo en conta a calidade tanto das obras como dos autores galegos de literatura infantil e xuvenil.

"Antes había editoriais de fóra de Galicia que publicaban en lingua galega. Agora, son as nosas editoriais as que non só editan en galego senón tamén traducen do galego a outros idiomas. María Xesús Agra, unha investigadora da rede e eu chamámos a álbums infantís 'artextos', e queremos dar a coñecer o tramado deste tipo de volumes", sinala a profesora.

Ao seu ver, a literatura infantil e xuvenil non se tivo en conta até agora debido á súa exclusión do programa formativo universitario. "Falta moito que estudar sobre a historiografía literaria, os estudos de xénero ou o álbum. É lóxico porque se non existía a materia nos planos de estudo nin as liñas de investigación, por iso non se facían análises", conclúe Blanca Roig. ●


A CORUÑA ■ O presidente provincial do PP defende ademais un topónimo coruñés bilingüe

Negreira quiere no sitio a estatua de Millán Astray

Carlos Negreira, presidente provincial do Partido Popular na Coruña, considera que non se debe retirar do seu actual emprazamento a estatua do tenente xeral José Millán Astray, localizada fronte ao acuartelamento de Atocha, tal é como aprobou en cumprimento da lei a corporación municipal coruñesa (coa abstención do PP). Negreira argumenta que o militar é "un coruñés de toda a vida, nacido na cidade", e que "creou un instituto (a Lexión) que a día de hoxe segue vivente". Un par de horas despois, o pre-

sidente da Xunta Alberto Nuñez Feijóo, preguntado no Paraninfo da Universidade da Coruña pola dita abstención do seu partido no pleno do Concello herculino comentou que "esas cuestións xa están saldadas no concello", pero precisou que "creo que sería bo que todos puidesen participar desas decisións e non só algúns", con relación a que o PP non achegou expertos á comisión que determinou que símbolos de franquismo había que eliminar.

En canto ao posíbel topónimo bilingüe da cidade, Carlos



Estatua e praza de Millán Astray no concello da Coruña

Negreira sinalou que nestes momentos existen "outros temas de maior prioridade", como o emprego ou as infraestruturas. "Pero, no entanto, o topónimo é un tema que se vai solventar nesta lexislatura", manifestou, realizando unha chamada ao "sentido común" e que o alcalde "deixe de ser un refén" do seu pacto co BNG.

Respecto diso a Agrupación Socialista Coruñesa manifestou a súa "repulsa" cara á actitude de Carlos Negreira, "por negarse a cumprir leis como a da Memoria Histórica ou a normativa autonómica sobre o topónimo da cidade", e cualificou de "lamentables" as súas declaracións "chamando ao incumprimento da lei" que comezou "coa negativa do PP a propoñer a algún experto" para que formase parte da comisión, pese "ás reiteradas invitacións oficiais" realizadas. ● REDACCIÓN